



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Comercio e Consumo

Edificio Advo. San Caetano, s/n – bloque 5 – 3º planta
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE A ESTRADA, PARA A FINANCIACIÓN CONXUNTA DUN CAMBIO DE ILUMINACIÓN EFICIENTE E PINTADO EXTERIOR NO RECINTO FEIRAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Sol M^a Vázquez Abeal, directora xeral de Comercio e Consumo, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Fundación de Feiras e Exposicións de A Estrada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 10 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación de Feiras e Exposicións de A Estrada, para a realización dos traballos de cambio de iluminación a Led no Pavillón 5 (24 focos) e o pintado exterior do pavillón 5

Que a achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria será do 100% do orzamento total, polo importe de 12.000,00€ euros (IVE incluído).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, en adiante, a consellería, segundo o artigo 1 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, de competencias en materia de comercio interior e especificamente, a promoción, fomento, modernización, desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins, o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades. Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla a renovación do sector do comercio e a promoción de sectores e produtos galegos, apoiando as actuacións desenvolvidas polas fundacións feirais para acadar o nivel de competitividade desexábel cara os mercados nacionais e internacionais e que incidan no seu maior desenvolvemento e viabilidade.

A Fundación de Feiras e Exposicións de A Estrada, no sucesivo, a fundación, parte integrante do sector público autonómico, ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial do comercio, ao que a súa denominación e fins se contraen, sendo unha das súas finalidades primordiais a realización de actividades promocionais, e a tal fin vén desenvolvendo no recinto feiral que xestiona, actuacións que se concretan fundamentalmente en feiras, certames e exposicións. Preténdese incrementar a mellora do recinto e a modernización das súas infraestruturas mediante a execución dos traballos enumerados no Anexo I deste acordo, sen prexuízo das actuacións preparatorias que sexan precisas.

O acordo ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación de Feiras e Exposicións de A Estrada, para o financiamento das actuacións que se enumeran no Anexo I no recinto feiral do que é titular a fundación, en concreto, ten por obxecto a licitación, adxudicación e execución dos contratos que sexan precisos e a financiación dos traballos por parte da Consellería.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela,

Sol María Vázquez Abeal
Directora xeral de Comercio e Consumo.
(Asinado electronicamente)

